# CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS PARA A PROMOCIÓN

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024

CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro

## CIENCIAS DA NATUREZA

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

| BLOQUE 1: CULTURA CIENTÍFICA | |
|---|---|
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación. | - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. |
| CA1.3. Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | - Realiza experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. |
| **BLOQUE 2: A VIDA NO NOSO PLANETA** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA2.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada. | Recoñece as diferenzas entres os seres vivos (animais, plantas e seres humanos) e a diferenza cos obxectos inertes. |
| CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común. | Amosa actitudes de respecto cara a natureza. |
| CA2.4. Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías. | Recoñece hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado e aqueles relacionados co benestar emocional e social. |
| CA2.5. Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais. | Identifica as partes do corpo humano. |
| **BLOQUE 3: MATERIA, FORZAS E ENERXÍA** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA3.2. Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos. | Observa e identifica máquinas e aparellos na súa vida cotiá. |
| CA3.3. Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio. | - Amosa hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.<br>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. |
| **BLOQUE 4: TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Identifica dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. |
| CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. |

**CIENCIAS DA NATUREZA**

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas que terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

**Probas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.**

As probas de cada unidade serán escritas e/ou orais. A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: **Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3**

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación. Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita ou oral sobre o traballador cunha valoración do 20%.

**MATEMÁTICAS**

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

| BLOQUE 1: SENTIDO NUMÉRICO | |
|---|---|
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá. | Identifica a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado. |
| CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá. | Representa con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolver os problemas da vida cotiá relacionado cos prezos: o euro (moedas e billetes). |
| CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas. | Emprega estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas. |
| CA1.8. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas. | - Recoñece, le, escribe e ordena os números ata 999 e realoiza series ascendentes e descendentes.<br>- Identifica os números pares e impares.<br>- Compón e descompón números ata 999.<br>- Realiza operación de suma e resta con cambio de decena ou centena.<br>- Realiza agrupacións de cantidades repetidas. |
| **BLOQUE 2: SENTIDO DA MEDIDA** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución. | Resolve problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados. |
| CA2.6. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas. | - Identifica as unidades de medida de lonxitude (metro), masa (kg) e capacidade (litro).<br>- Recoñece as unidades de medida do tempo ne a súa relación: ano, mes, semana, día e hora.<br>- Identifica as horas: en punto, e media. |
| CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico. | Recoñece linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá. |
| **BLOQUE 3: SENTIDO ESPACIAL** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA3.3. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada. | - Recoñece figuras xeométricas básicas: triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo.<br>- Completa simetrías de figuras xeométricas sinxelas. |
| CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico. | - Usar a linguaxe matemática sinxela relacionada coa posición no espazo: arriba-abaixo, diante-detrás, lonxe-preto. |
| CA3.4. Describir rutinas sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada. | - Describe situación ou rutinas indicando paso a paso a sucesión dos eventos no tempo. |

**MATEMÁTICAS**

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

| **BLOQUE 4: SENTIDO ALXÉBRICO E PENSAMENTO COMPUTACIONAL** | |
|---|---|
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA4.2. Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá. | De maneira guiada, utiliza estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia. |
| **BLOQUE 5: SENTIDO ESTOCÁSTICO** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá. | Comprende as preguntas en problemas da vida cotiá. |
| CA5.3. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas. | Le e interpreta datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos. |
| **BLOQUE 6: SENTIDO SOCIOEMOCIONAL** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA6.2. Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe. | - Amosa una actitude positiva cara a realización do traballlo con orde, claridade e limpeza.<br>- Valora o erro como una oportunidade de aprendizaxe. |
| CA6.3. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. | Ten una actitude crítica no propio traballo en equipo. |

**MATEMÁTICAS**

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas que terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3 + NOTA UD4) / 4

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6 + NOTA UD7 + NOTA UD8) / 4

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD9 + NOTA UD10 + NOTA UD11 + NOTA UD12) / 4

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

**Probas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.**

As probas de cada unidade serán escritas e/ou orais. A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: **Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3**

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita ou oral sobre o traballador cunha valoración do 20%.

## CIENCIAS SOCIAIS

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

| BLOQUE 1: CIENCIA E TECNOLOXÍA | |
|---|---|
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA1.2. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Amosa curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. |
| **BLOQUE 2: O MUNDO E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA2.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada. | - Recoñece os distintos fenómenos atmosféricos.<br>- Observa, reflexiona e rexistro de datos atmosféricos. |
| CA2.3. Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga. | - Recoñece hábitos de vida sustentable: o aire como elemento imprescindible para a vida e a contaminación atmosférica.<br>- Identifica accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns. |
| **BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA3.5. Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | - Recoñece espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos.<br>- Identifica medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías así como as normas báscias de educación vial. |
| **BLOQUE 4:LECCIÓN NO PASADO** | |
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA4.2. Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión. | - Realiza una árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.<br>- Toma de conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna… |

**CIENCIAS SOCIAIS**

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas que terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

**Probas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.**

As probas de cada unidade serán escritas e/ou orais. A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: **Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3**

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación. Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita ou oral sobre o traballador cunha valoración do 20%.

## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

| BLOQUE 1: A LINGUA E OS SEUS FALANTES | |
|---|---|
| **CRITERIO DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Valora a diversidade da lingua na súa contorna. |
| **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ORAL** | |
| CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais. | Comprende, de forma global información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. |
| CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante. | Dramatiza e reproduce textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. |
| CA2.4. Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses. | Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. |
| CA2.5. Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais. | - Realiza una interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.<br><br>- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas e participa activamente en diversas situacións de comunicación. |
| **BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA** | |
| CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante | Le de maneira silenciosa e en voz alta ,con pronunciación e comprensión, textos de cinco liñas con palabras con sílabas directas, inversas e trabadas. |
| CA3.3. Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura. | Comprende informacións concretas en textos de cinco liñas propios de situacións cotiás. |
| CA3.6. Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel. | Presenta gusto pola lectura det extos axeitados ao seu nivel. |
| CA3.7. Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. | - Presenta as súas producións con caligrafía clara e limpeza.<br>- Escribe textos sinxelos de cinco liñas utilizando: maiúscula a principio de oración , maiúscula despois de punto, punto ao final das oracións, concordancias de xénero e número e uso de inversas e trabadas. |

## LINGUA CASTELÁ

**ETAPA: PRIMARIA NIVEL: 2º CURSO: 2023-2024**

| **BLOQUE 4: ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL** | |
|---|---|
| CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | De maneira guiada, iníciase na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. |
| CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses. | Utiliza a biblioteca e os recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. |
| **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA** | |
| CA5.1. Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura. | - Le con fluidez e entoación obras sixelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. |
| CA5.5. Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos. | Reproduce e dramatiza breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación. |
| CA5.7. Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria. | Le de maneira expresiva, dramatiza ou interpreta fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. |
| **BLOQUE 6: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E OS SEUS USOS NO MARCO DE PROPOSTAS DE PRODUCIÓN E COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS, ESCRITOS OU MULTIMODAIS** | |
| CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | - Produce pequenos textos sinxelos utilizando os signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.<br><br>- Recoñece a existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.<br><br>- Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura aínda que ás veces poida presentar algunha segmentación ou unión inadecuada.<br>- Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias (artigo, nome, verbo, adxectivo). |

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas que terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3 + NOTA UD4) / 4

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6 + NOTA UD7 + NOTA UD8) / 4

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD9 + NOTA UD10 + NOTA UD11 + NOTA UD12) / 4

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

**Probas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.**

As probas de cada unidade serán escritas e/ou orais. A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: **Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3**

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita ou oral sobre o traballador cunha valoración do 20%.